

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E A ASOCIACIÓN DE PROFESIONALES DE GALICIA DE BODAS Y EVENTOS PARA PROMOVER E IMPULSAR A CELEBRACIÓN DE VODAS E EVENTOS EN GALICIA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou coa Asociación de Profesionales de Galicia de Bodas y Eventos (APROGABE) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2020.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as condicións para a colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e APROGABE para para o desenvolvemento de accións de promoción e impulso das celebracións e vodas en Galicia.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- A Asociación de Profesionales de Galicia de Bodas y Eventos (APROGABE) constitúese como una asociación sen ánimo de lucro, que exerce as súas funcións no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, integrando aos empresarios e profesionais do sector de vodas e eventos. Entre os seus fins atópase programar as accións necesarias para conseguir visibilidade no mercado e defender os intereses comúns do sector, aunando forzas para transmitir as necesidades e demandas do mesmo aos organismos públicos autonómicos e privados correspondentes

Segundo.- o.- A crise xerada pola evolución epidemiolóxica da COVID-19 provocou unha parálise total no sector turístico de Galicia. Así, as estimacións e proxeccións actuais prognostican un impacto económico especialmente intenso nun ámbito moi supeditado a mobilidade e a confianza dos mercados e cunha marcada estacionalidade.



Nos próximos meses preséntase un escenario de recuperación lento e progresivo. A xeración dunha percepción de inseguridade sanitaria asociada ao feito da simple relación social, determina unha contorna onde a celebración da actividade turística vese comprometida. A iso pódenselle sumar múltiples factores que limitaron a demanda turística como son as restricións de mobilidade, o peche de fronteiras que impide a achega de visitantes estranxeiros, os cambios nos hábitos de consumo ou a percepción de inseguridade a nivel sanitario.

Neste contexto, o Consello da Xunta aprobou, o pasado día 30 de abril de 2020, o Plan de reactivación dos sectores cultural e turístico fronte aos efectos derivados da COVID-19. A finalidade deste plan é impulsar a recuperación económica e a reactivación dos sectores culturais e turístico, fomentando o emprego e inxectando liquidez no tecido empresarial.

Neste plan concretase a medida 16 relativa ao impulso á creación de produto gastronómico, na que se indica que trátase dunha *“medida de impulso ao desenvolvemento de produtos turísticos asociados á gastronomía, en colaboración coas asociacións especializadas neste ámbito e contextualizándoos no Plan Galicia Sabe da Xunta de Galicia.*

A gastronomía e a calidade de produto constitúense como un dos grandes elementos de valor do noso destino e un dos principais motivos de elección por parte dos visitantes”.

Terceiro.- citado contexto o obxectivo do convenio é o sinalado no número anterior, colaborando neste ámbito específico no que se calcula que se puido perder a metade da tempada este ano con motivo da crise sanitaria, ao coincidir en gran parte coa súa tempada alta de eventos. Ao abeiro desta colaboración preténdese facilitar a promoción de Galicia como un destino seguro, con establecementos singulares de restauración e hostalería adaptados ao novo escenario e propios para realizar con confianza celebracións e vodas. O convenio consistirá en diferentes actividades de promoción. Tamén se prevé levar a cabo accións de formación en seguridade sanitaria e facilitar cartelería e sinalética informativa vinculada cos protocolos sanitarios para este sector, con independencia de que se pertenza ou non a APROGABE.

Cuarto.- Polo exposto a colaboración entre as partes responde ao interese común das mesmas, de reactivación do sector turístico tan afectado pola crise xerada pola evolución



epidemiolóxica da COVID-19 que provocou unha parálise total do citado sector, motivo polo que a Axencia Turismo de Galicia considera axeitado e necesario, por razóns de interese público, colaborar con APROGABE no desenvolvemento do seu obxecto coa organización dunha viaxe de prospección, sendo APROGABE a única entidade que pode desenvolver o seu obxecto de xeito completo, xa que é a entidade máis representativa no ámbito da Comunidade autónoma que aglutina ás axencias de viaxe comerciantes polo miúdo.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

A xerente de Turismo de Galicia

M^a Elena Barca Ramos

